



Catálogo da colección Ramos Vázquez, 1785-1956. II

Damián Porto Rico

damian.portorico@hotmail.com

Resumo. Poñemos fin á descrición dos documentos da colección Ramos Vázquez que tivera inicio no volume 11 da Miscelánea Histórica e Cultural da Estrada do pasado 2008 tocándolle agora a quenda aos papeis que abranguen o período comprendido entre finais do século XVIII e mediados do XX. Xurden neles as vicisitudes das guerras carlistas nas terras do Foxo de Tabeirós, o Agrarismo ou os primeiros fenómenos de industrialización dos nosos cursos fluviais polo sector madeireiro, berce do pulo da nosa vila.

Abstract. The description of Ramos Vázquez Collection documents, starting in the Historical and Cultural Miscelaneous (volume 11) in A Estrada in 2008, is finished. The study is now focused on documents covering the period between the end of the 18th century and mid-20th century. They describe the vicissitudes of Carlist Wars in Foxo de Tabeirós, the agrarian reform movement and the timber industry attempts to industrialize river courses, which made our town going from strength to strength.

Introdución

Deixabamos pendente desde o anterior número do 2008 parte da catalogación da colección Ramos Vázquez, composta por catro centos de documentos orixinados no intervalo que vai entre 1538 e 1956.

Na pasada entrega o protagonismo histórico era copado polas parroquias do rural: falabamos de ermidas, de pazos e de familias fidalgas da nosa contorna que tiñan en instrumentos como as ducias de foros descritos os resortes do seu poder.

Tócalle agora representar un papel destacado a fenómenos máis decimonónicos, neoliberais e urbanos: acordos de comisións permanentes do concello, sindicatos agrarios, xurdimento das primeiras escolas modernas... mestúranse cas redencións daqueles foros instrumentalizados pola fidalguía e prostituídos agora pola puxante burguesía política, que merca accións de compañías industriais españolas ao tempo que controla o desenvolvemento urbanístico da vila desde os resortes do concello e do caciquismo máis rancio.

- 0178** **1785/09/01**
Copia da venda de Francisco Vázquez (veciño de Callobre) a Pedro Pena de “la molienda que tiene en los molinos do Campo”.
- 0179** **1780/02/12**
Cédula da venda de Domingo Lois (de Rubín) a favor de Pedro Pena dun pedazo de toxeira.
- 0180** **S. D.**
Borrador da exposición de don Xosé Recarei nos autos cos fillos e herdeiros de don Xacobe de Outeiro sobre evicción e saneamento de bens.
- 0181** **S. D.**
“Tasa y regulación de los bienes de Fernando García” sitios en Rubín efectuada polo perito Francisco Antón Vilar. De finais do XVIII ou comezos do XIX.
- 0182** **S. D.**
Atado con “Razón de los ferrados de Rentas que percibí en la Tulla de Chapa con expresión de los incobrables”. Do século XIX.
- 0183** **S. D.**
Folla contendo a “Memoria de las Primicias que tocan al beneficio de Santa María de Rubín”, que debían ser pagadas a Simón Rodríguez.
- 0184** **S. D.**
Folla ca “Renta de Miguel de Prado y su mujer María Prieto”. Trátase de sinxelas notas do percibido en diversos forais.
- 0185** **S. D.**
Borrador con petición ao xulgado no preito entre don Xosé Recarei e don Manuel Outeiro sobre permuta de bens en Curantes e Riobó que acaecera entre don Xacobe de Outeiro, dono da Casa da Mota, e don André Recarei.
- 0186** **1834/09/22-1843/012/06**
Índice dos documentos da demanda entre don Xosé Recarei e os herdeiros de don Xacobe de Outeiro sobre bens: no 1800 don Xacobe de Outeiro (“Dueño de la Casa y Pazo de la Mota” de Riobó) fixera subforo de bens que adquirira en Pousada (Curantes) a don André Recarei. E este fixo o mesmo en iguais condicións con bens que posuía en Riobó a favor do Outeiro. Semellantes contratos non eran senón unha permuta.
Mais, en 1834 tivo lugar un preito de partillas polo que o sucesor do Recarei foi despojado dos bens.

0187 **1803/01/21**
Cédula da venda realizada por Xoán Pena (de Callobre) ao seu irmán Pedro (de Rubín) de todos os dereitos que tiña aos lugares da Pena de Abaixo e Bemposta.

0188 **1800/04/02-1808/03/04**
Atado con copias de escrituras de adquisicións de Pedro Pena e outros de diversas propiedades en Rubín, mediante vendas ou permutas. Algunhas vendas veñen motivadas por funerais e gastos ocasionados polas exequias. Outras derivan de empréstitos anteriores que non poideron ser reintegrados. Non deixa de ser sintomático e relevante o feito de que a miúdo os vendedores pasan a constituírse en caseiros do comprador.

0189 **1800/01/18**
Petición que debера formar parte dos papeis do preito de don Manuel Recarei e os seus irmáns cos fillos e netos de don Xacobe de Outeiro (signatura 0186).

0190 **1801/04/28**
Dictame do perito nomeado por don Alberte Rodal (cura de Rubín) e por Xoán Pereiras para recoñecer os danos causados pola auga do estanque do muíño do cura nos carballos de Xoán Pereiras.

0191 **1802/01/15**
Copia do recoñecemento da venda de 16 pezas de terra por Pedro Paseiro, aveciñado na cidade de Cádiz, a favor de Pedro Pena.

0192 **1801/06/19-1802/09/28**
Copias de vendas efectuadas a Pedro Pena e de escritura de poder.

0193 **1803/01/20**
Copia do convenio suscrito entre Xoán de Brei, Pedro Pena e Francisco Rodríguez (todos veciños de Rubín), sobre trazado de camiños entre as súas propiedades.

0194 **1803/02/05**
Obriga pola que Xoán da Fonte e Xoán Noble (de San Miguel de Rariz) pagarían ao cura de San Xiao de Arnois, don Francisco Antón Piñeiro, 7000 reais por 35 moios de viño.

0195 **1803/01/10-1803/01/27**
Despacho do Alcalde Maior de Apelacións da cidade de Santiago para que don André Xosé Recarei pagara as taxas da compulsa de documentos do preito sostido na Real Audiencia con André Pereiras sobre as partillas dun monte.

- 0196** **1804/08/26**
Copia de escritura de troco entre Nicolás de Castro e don André Recarei.
- 0197** **1804/04/28**
Cédula da venda de Lourenza Sánchez a Pedro Pena dunha herdade na Pena.
- 0198** **1805/03/25**
Copia do testamento de María Rosa Pena, solteira, veciña do lugar da Bemposta (Santa María de Rubín).
- 0199** **1806/12/20**
Cédula de venda de Xosé Requeixo (do lugar da Pena de San Martiño de Riobó) a favor de Pedro Pena dunha herdade labradía.
- 0200** **1813/11/01-1813/11/03**
“Antecedentes sobre ferrado y medio de renta que debe pagar Pedro Pereiras del lugar da Somoza” que, supostamente, debía percibir o señor Recarei polo directo dominio.
- 0201** **1816/09/25**
Escritura de renuncia de don André Recarei a favor do seu fillo primoxénito don Bieito, para que este poida administralos os seus morgados.
No documento aparece o licenciado don Xoán de Andújar, avogado da Real Audiencia do Reino de Galicia e cabaleiro Mestrante de Ronda, veciño de San Breixome de Lamas, como curador dos bens de don Bieito.
- 0202** **1816/06/08**
Cédula de venda de montes feita por Domingo e Miguel de Torres a Pedro Pena.
- 0203** **1816/03/13**
Revocación do poder outorgado por dona Bieita de Pazos ao seu fillo don André Recarei para cobrar rendas e administrar as producións do morgado.
- 0204** **1816/03/09**
Copia da permuta realizada entre don André Xosé Recarei (como apoderado da súa nai) e don Xoán de Outeiro (de Riobó), de propiedades: bens do lugar de Pousada (San Miguel de Curantes) por viñas en Ponte Sarandón (Santo Amedio de Ribadulla).
- 0205** **1817/07/10**
Tasa realizada por peritos da herdanza de dona María González López nos lugares de Outeiro (San Martiño de Lalín), Xestal (Santa María de Noceda)...



Serradoiro do río da Fervenza.

inclúe “la casa con sólo una puerta de su entrada en la feria de Lalín”, o tercio dun muíño...

0206 **1783/04/02-1827/03/03**
Atado que principia con autos da toma de posesión da herdade da Nogueira polo escribán don Felipe Pena e Leira. Continúan escrituras de adquisicións e permutas deste individuo nos lugares da Pena (Curantes) e Grande (Callobre) na década dos 20.

Tamén acompaña escrituras de trocos entre Pedro Pena e Francisco Rodríguez e entre Xosé Brea e Ricardo de Prado, e de adquisicións de Pedro Pena e de Xoán Pena.

0207 **1818/05/18**
Cédula de venda a favor de don Felipe Pena e Leira de herdades en Pena de Abaixo e Bemposta.

0208 **1820/05/12**
Copia da escritura de doazón na que sor María da Escravidude (no século dona María Bieita Recarei Salgado, do lugar de Pousada), monxa novicia no convento franciscano de Santa Clara da vila de Monforte, fixo a favor do seu irmán don Bieito dos bens que lle correspondían de seus pais. Pola súa banda, don Bieito obrigábase a darlle 200 reais cada ano.

0209 **1821/03/23**
Atado con escritura de partillas outorgadas entre Bieito Espinosa Varela (como marido de dona María Bieita Salgado) e don André Recarei (marido de dona Bieita de Pazos) redactada “en la Casa y Pazo de Cascagir Parroquia de San Salvador de Escuadro”, residencia da familia Espinosa Salgado.

0210 **1824/12/04**
Certificación expedida polo escribán don Xosé María Paseiro de ter participado en autos executivos a instancia de frei Silvestre Sánchez, monxe de Santa María de Acibeiro, contra don Bieito Recarei pola cantidade na que se lle remataran a este último as rendas da paneira do Foxo de 1822.

0211 **1831/02/24**
 Conta do que redituaron os arbitrios aprobados para armamento dos voluntarios realistas desde xuño de 1830 ata decembro de 1831, según arrendamento feito a Tomás Tarrío.

0212 **1831/10/19**
 Copia do poder outorgado a don Manuel Recarei Salgado para litigar co coronel don Xosé Feixó, do rexemento provincial de Lugo, sobre bens sitos no lugar de Outeiro da xurisdición de Deza.

0213 **1831/04/11-1831/04/19**
 Nomeamento procedente da Real Audiencia de Galicia e dirixido á Xustiza da xurisdición de Tabeirós, polo que don Manuel Recarei Salgado foi designado xuíz e autos da toma de posesión.

0214 **1831/09/10-1831/09/30**
 Copia de documento polo que a Xunta Directiva do Porto Franco de Cádiz se comprometía a colocar un sustituto a Xosé Baloira para que cubrise a súa praza de soldado.

0215 **1835/11/18**
 Certificación do cura de Santa María de Soutolongo a pedimento de don Bieito Recarei, dunha partida do libro de bautizados da súa freguesía correspondente a un fillo de don André Recarei e dona María Xosefa Salgado.

0216 **1832/08/23-1832/08/27**
 Certificación e copia do discernimento da curadoría de dona Manuela Recarei a favor do seu irmán, con nomeamento de curador e copia do decreto do Alcalde don Manuel Arén e Lousada.

0217 **1835/04/28**
 Copia do auto dado por don Francisco de Moas e Castro, Subdelegado Titular de Rendas Reais en Compostela e o seu Partido, no expediente xurdido entre don Manuel Recarei como arrendador do Real Noveno de San Miguel de Curantes en 1834 e o párroco desa freguesía.

0218 **1828/06/07-1852/06/08**
 Atado con 14 recibos de pagos de don Manuel Recarei por conceptos diversos (desde foros ao Priorato de Sar ata compra de pedras albas de muíño), ademais de correspondencia.
 Tamén certificado no notario dos tribunais eclesiásticos de Compostela de ter sido requerido polo Tribunal da Santa Cruzada na causa contra don Bieito Recarei por impago da renda da Tenencia de Noente e Ollares.

0219 **1843**
 Copia do borrador no que Hipólito de Outeiro alega contra a sentenza dada no preito sostido con don Manuel Recarei pola primeira instancia de Tabeirós, sobre carácter vincular de bens subforados, que non admitía permuta dos mesmos.

0220 **S. D.**
 Plego con borrador (incompleto) ou notas indicando que as escrituras entre Recarei e Outeiro nunca ocasionaron outros efectos que a permuta de propiedades.

0221 **1835/04/28-1836/02/09**
 Copia do despacho do Auditor de Guerra, Ministro da Real Audiencia e Subdelegado de Rendas Reais de que na súa oficiña se seguira expediente entre don Manuel Recarei –como arrendatario no Noveno da parroquia de Curantes en 1834- e o rector.
 Logo trasládase a demanda de Recarei, adxúntase copia do auto contra o rector e notificacións.

0222 **1599/10/12-1836/06/09**
 Atado que principia co recibo outorgado en 1766 polo mordomo fabriqueiro de San Miguel de Sarandón de ter pagado a don André Recarei e Bermúdez a renda debida por bens sitios nesa parroquia.
 Segue o prorrato de 1836 a solicitude de veciños de Curantes encabezados por don Bieito Recarei da auga de rega das herdades do lugar de Pousada, con notificacións.
 Acompaña copia da venda de 6 ferrados de centeo de renda ao rector de Santo Estevo de Quintillán, de 1599.

0223 **1836/07/09-1837/03/11**
 Copia do preito por concurso de acreedores.
 O atado comenza con copia da escritura de fundación vincular e co parte da morte sen testar de don Bieito Recarei, polo que o seu irmán solicita presenza de escribán para formalización do inventario de bens, do que tamén se acompaña copia.
 Segue copia das escrituras de fundación do vínculo do cóengo Xoán Antón Valadares no 1762, ca fundación da capela, da casa de Pousada, de catro rodas de muíño “y el uno albeiro que asimismo ha fabricado a cimentis en tierra virgen propia suya y adquirida; con una rueda de batán [...] y cada molino con dos pisos [...], inmediato a dichos molinos y batán una granja que ha hecho en monte adquirido y se halla cerrada de sobresí de muro seco de piedra [...] de diez cuartas de alto en lo más bajo [...] y en ella entran por diferentes partes tres presas o zanjas de agua que salen del río de dicho lugar de Pousada; dentro de la Granja se halla un palomar, un colmenar, un pedazo a viñas, otro a frutales de distintos géneros, otro de castaños, otro de robles [...]”. Rendas adquiridas en



Santuario de Santo Amaro, en Meavía.

Pardemarín, Cereixo, Riobó, Lamas, Tabeirós... Todo foi incorporado á capela para que “en todo tiempo de siempre jamás ande junto, unido e incorporado en forma de vínculo y mayorazgo en una sola persona”. Nomeou sucesora á súa sobriña, dona Bieita de Pazos Valadares.

Remata cun auto sobre repudio da herdanza de don Bieito Recarei.

0224

1837/09/04

Notificación de ter sido rematados a favor de don Manuel Recarei os dezmos e primicias de Curantes mediante arrendamento.

0225

1837/09/04

Notificación de ter sido rematados a favor de don Manuel Recarei os dezmos e primicias de Curantes mediante arrendamento. O mesmo que a signatura anterior, mais con destino a Paradela e Barbude.

0226

1839/12/08-1839/12/21

Copia da escritura de venda de terras en Pousada outorgada a favor de don Manuel Recarei por María Rosa Mesía. Ao pé nota xustificativa do pago dos dereitos de alcabala.

0227

1839/10/29

Copia da escritura de venda de María Rosa Mesía –viúva de Alonso Mella- a favor de don Manuel Recarei de varias propiedades.

0228 **1840/10/15-1840/10/17**

Copia ou borrador de solicitude elevada ao Presidente da Xunta Provisional Gubernativa da provincia de Pontevedra polo veciño de Chapa don Francisco Conde, expoñendo que 1838 foi posesionado da presidencia dese concello e tivo que enfrontarse ás maquinacións de don Manuel Recarei, que pretendían apartalo da carreira política.

0229 **1839/12/07-1839/12/20**

Notificacións do xulgado de primeira instancia de Santiago de Compostela para que, a petición de don Manuel Recarei, comparecese Xoán Vilar (de Santo Amedio de Ribadulla) por cantidade de froito que lle emprestara.

0230 **1839/05/21-1839/05/22**

Folla con dúas dilixencias: a primeira para a procura do escribán don Henrique Xil en San Xoán de Vilanova por estar en descuberto da renda que tiña que pagar desde 1837.

A segunda na procura de don Xosé María Teixeiro (San Cristovo da Pena), tamén para que pagase as súas débedas “como casero que es de partida de renda de vino y dinero” debidos a don Manuel Recarei.

0231 **1840/10/22-1840/10/23**

Petición de don Manuel Recarei ao Presidente e vogais da Quinta Gubernativa da Estrada, que “tuvo a bien confinarle al punto de Ribadeo”. Suplica que lle conmuten o lugar de confinamento “a otro paraje en donde de alguna manera pueda compatibilizarse con el reparo de sus intereses”.

Por decreto marxinal pasou a disposición do Alcalde da xurisdición de Vedra.

0232 **1840/08/12**

Atado con copia da escritura de doazón outorgada por don Xoán Antón Valadares a favor da súa sobriña dona Bieita de Pazos en 1764.

Segue auto do xuíz de Tabeirós para recabar entre os protocolos a escritura.

0233 **S. D.**

Papel que remite ás incidencias de don Manuel Recarei no preito concurso de acreedores contra a fincabilidade do seu irmán don Bieito, reclamando o pago de desprefectos nos bens vinculares. Nel afirma ter acudido ao xulgado o 29 de agosto de 1840. Houbera auto en 1843, apelado.

0234 **1841/05/14-1841/05/15**

Notificacións para que o Alguacil requerido de don Manuel Recarei faga saber ao veciño de Pousada don Xoán García que debe pechar “la cortadura que innovó y ha hecho en la presa que conduce el agua a los molinos de Outeiro y hereaderos y Granja del indicado Recarey y se aproveche sólo de la que la indicada presa filtre”.

- 0235** **1844/02/28**
 Dous plegos de papel con exposición de don Manuel Recarei, Alcalde da Estrada, sobre unha causa reclamada por dona Xosefa de Arén e Lousada.
- 0236** **1841/11/25-1843/07/27**
 Atado no que o xuíz de primeira instancia do partido de Tabeirós comunica ao seu homólogo da cidade de Compostela o recurso presentado por don Manuel Recarei –que se inclúe transcrito- contra don Manuel Abade Saavedra “y los más herederos de don Juan de Neira Infanzón sobre abono de frutos”. Seguen provicencias, tasas, auto e notificacións.
- 0237** **1843/06/17-1843/07/27**
 Atado no que o xuíz de primeira instancia de Tabeirós notifica que en 1842 don Manuel Recarei pedira división e partilla de bens das herdanzas de don André Xosé Recarei e dona María Xosefa Salgado.
 Transcríbese Real Auto no que se declara deserta a apelación interposta polo doutor don Manuel Abade y Saavedra e tasa de costas.
 Notificación a don Manuel Abade do despacho antecedente e auto de 14 de xuño de 1843 para que pague 360 reais de costas.
- 0238** **1842/10/03**
 Folla con dictame que afirma que as dúas escrituras de 18 de xaneiro e 22 de xullo de 1800 entre Outeiro e Recarei conteñen cadanseu contrato de subforo.
- 0239** **1842/05/23**
 Copia do auto polo que se declara a don Manuel Abade acreedor ás herdanzas de don André e don Bieito Recarei.
- 0240** **1844/05/02**
 Petición al Alcalde da Estrada don Eusebio Paseiro, pola que don Manuel Recarei afirma que os salidos e leiras que posúe en Pousada están, desde tempo inmemorial, suxeitos ao aproveitamento de pastos e esquilmos polos veciños, “mas llegó la desverguenza a tal extremo que no sólo los indicados salidos y monte aparecen como de aprovechamiento común para los vecinos del indicado lugar, sino que también los de los lugares limítrofes como son el de Ovede, Esmorís y Villadeafonso apastan sus ganados lanares los unos, vacunos y caballares los otros, sin más utorización que la que ellos quieran suponer”. Porén logrou que se prohibise “apastar toda especie de ganados en los terrenos de su propiedad”.
- 0241** **1842/02/18-1844/01/17**
 Atado co copia da demanda presentada por don Manuel Recarei sobre aceptación ou repudio da súa herdanza, solicitando reintegro de capitais aos seus irmáns vivos e nomeamento de peritos. Alegaba que o capital da súa nai fora

defraudado “casi en su totalidad”. O asunto complicábase porque don Manuel Abade era acreedor ás heranzas de don André e don Bieito

Seguen varios memoriais: dos bens do lugar de Outeiro (San Martiño de Callobre), dos bens capitais alleados polo seu defunto pai e polo seu irmán don Bieito en Deza e Dozón, das rendas vinculares do lugar de Pousada, de bens vinculares en Santa Mariña de Ribeira e lugar de Constenla, dos existentes na Ponte Sarandón (Santo Amedio de Ribadulla).. .

0242 **1843/06/14**
Mandato do xuíz de primeira instancia de Tabeirós declarando non ter lugar o exposto por don Manuel Abade.

0243 **S. D.**
Escrito de don Manuel Recarei ao xuíz manifestándose en contra do xuízo conciliatorio que se pretendía nas partillas de bens entre coherdeiros.

0244 **1848/11/30**
Copia da escritura de venda a don Manuel Recarei dunha leira no monte do Tumbio por don Antón Requeixo.

0245 **1855/03/28**
Certificación do escribán don Francisco de Oca da entrega de 2000 reais da heranza de don Manuel Recarei.

0246 **1853/06/13**
Copia de escritura de poder polo que unha trintena de veciños de Curantes “apremiados por los arrendatarios de Consumos de este distrito municipal en razón de las carnes degolladas en el año de cincuenta y uno” outorgan poder a don Manuel Recarei para que os represente e compareza ante as autoridades.

0247 **1862/11/21-1863/11/10**
Atado con copia da escritura de redención de don Carlos Canabal (veciño de Santa María de Rubín) dun foro a favor do cabido de Santiago. Acompaña xustificantes dos prazos dos pagos ao Tesouro.

0248 **1857/12/04**
Atado ca “Cuenta que el Sr. Gómez da al Sr. Recarey de la administración de la casa de Gereliz por los años 1854, 55, 56 y 57”: Don Manuel Gómez Díaz rende a don Manuel Recarei contas “de todos los productos que constituyen la fincabilidad de D. Bernardino Gómez y D^a María Díaz declarada en administración judicial”.

- 0249** **1856/04/10-1856/05/10**
Dúas copias da escritura de venda dun anaco de monte no do Tumbio por Xosefa Sánchez a don Manuel Recarei.
- 0250** **1857/07/28**
Certificado da defunción na en Cádiz de dona Xoana Sánchez, de tise, sen testar debido á súa pobreza.
- 0251** **1857/12/03**
Plego con petición realizada en nome de don Xosé Recarei para que se embarguen os bens e se proceda á liquidación de contas da fincabilidade de don Bernardino Gómez e da súa muller dona María Díaz.
- 0252** **1862/04/28-Inicios do XX**
Atado que comenza con follas da sección de seguro de gando do Sindicato Agrícola de Pardemarín, da primeira década do XX, que serven de carpetita para o prorrateo da renda pagadeira a don André Mariño en Curantes, con recoñecemento e apeo de bens.
- 0253** **1862/04/28**
Atado similar ao da anterior signatura, con índices de cupos de prorrateo e apeo correspondente a bens do cabido compostelán Tamén en Bemposta e Pena de Abaixo (Santa María de Rubín).
- 0254** **1868/05/21**
Contrato mediante o que André Pereira Fernández (de Curantes), comprendido o seu irmán Manuel na quinta militar co concello da Estrada, proporcionoulle sustituto na persoa de Camilo Álvarez Carballo. Os gastos ocasionados “incluso la gratificación ofrecida al sustituto ascendieron a seiscientos diez escudos”.
- 0255** **1869/04/29**
Escritura de mellora de dona Socorro Vilaverde Guntín (viúva e veciña de Santa Baia de Vedra) a favor de dona Felisa Pena Recarei (muller de André Pereira Fernández, que era cuñado de don Manuel Pena Recarei) con bens no lugar de Pena de Abaixo.
- 0256** **1869/05/12-1869/06/07**
Borrador e partillas de bens por morte de Manuel García, marido de Xosefa Fondevila, de Santa María de Rubín. Hai memorial petitado de bens e pensións.
- 0257** **1866/03/19**
Testimonio da permuta efectuada anos atrás entre Xoán Agrelo e don Manuel Recarei.

0258 **1869/04/29**

Copia de escritura e carta de pago de dona Socorro Vilaverde Guntín a favor de don André Pereiras Fernández, motivada polos gastos da derradeira enfermidade do segundo marido dela (don Diego Pena Xermade) “que importaron la cantidad de doscientos setenta y dos escudos, doscientas milésimas, por lo referente a asistencia facultativa, botica, derechos parroquiales y alquiler de una litera para trasladar al enfermo a Santiago, con más la leche de una pollina por espacio de cinco meses”. Entre as testemuñas figura o despois deputado don Miguel Nine Novais.

0259 **1870/11/29**

Copia de escritura de obriga de pago outorgada ante notario na cidade de Cádiz por André Pereira Fernández (de 36 anos, labrador), a favor de Ramón Picáns Mancebo (“freidor de pescado”), ao que lle adebedaba 3200 reais (320 escudos).

0260 **1870/04/11**

Copia das partillas dos bens da herdanda de don Diego Pena Xermade e dona Manuela Recarei, con copia do poder outorgado na cidade de Cádiz por don Manuel Pena e da cobranza de débedas en leiras de Pena de Abaixo aos acreedores da herdanza Xoán Paz e Xosé Torres.

0261 **1870/04/22**

Copia da escritura de poder outorgada na Habana por don Manuel Pena Recarei a don Xoán Antón de Torres para intervención nas partillas da herdanza paterna.

0262 **1872/06/13-1872/08/27**

Atado con transacción entre o “freidor” en Cádiz don Bieito Pose Rodríguez e o “industrial” don Estanislao Castañeda, apoderado de don André Pereira Fernández (marido de dona Felisa Pena Recarei). Segue copia do poder outorgado ao procurador do xulgado da Estrada don Bieito Tarrión Uzal polo mesmo Pereira que substitúe ao anterior.



Interior dun dos muíños de Pousada, en Curantes.

0263 **1872/07/19-1872/08/27**

Copia do poder outorgado en Cádiz por don Antón Pena Recarei (“freidor de pescado” de 26 anos, natural de Santa María de Rubín) a don Xoán Taboada Pereira para que pagase ao seu cuñado don André Pereira 497 escudos que lle emprestara “bien sea de los fondos que en efectivo metálico obran en su poder [...], o de los bienes que posee en el pueblo de su naturaleza”.

Acompaña satisfacción da débeda en fincas en Pena de Abaixo e xustificante do pago da traslación de dominio.

0264 **1872/02/26-1872/03/25**

Dilixencias do pago de 650 pesetas en bens efectuado a mediación de apoderado por don Antón Pena Recarei (residente en Cádiz) a favor de don Ramón Picáns Mancebo. Con xustificante de pago na oficina liquidadora.

0265 **1874/01/15**

Copia de escritura de obriga motivada pola construción por Pedro Carbón (labrador veciño de Curantes) “de un muro entre la Granja y los molinos del difunto Recarey junto al puente del río de Pousada [...], con cuyo muro y cierre deja dentro de dicho circundado la presa maestra que conduce el agua para dicha Granja”. Os herdeiros do Recarei, Xosé Suárez e André Pereira tentaron impedir a obra de peche e, porén, chegaron ao acordo de que lles deixaría libres o camiño do muíño e a presa, da que non utilizaría a auga, evitando así preitos.

0266 **1872/02/27**

Cédula da venda realizada por Antón Pena Recarei a Bieito Pose Rodríguez (ambos freidores de peixe en Cádiz).

0267 **1878/10/08-1878/10/28**

Certificación do ecónomo da parroquia da Santísima Trindade da cidade de Santiago de Cuba da defunción asentada “en el libro corriente de defunciones de blancos” de don Manuel Pena Recarei aos 38 anos a causa “de fiebre comatosa”.

0268 **1876/11/08-1906/05/09**

Copia da escritura de venda xudicial a favor de don Antón Vázquez Rodríguez (cura de Santa María de Rubín) de parte do igresario da parroquia¹.

Acompaña contrato de 1887 polo que Evaristo Pinto se compromete a traballar a medias “los diestros del Igresario”. O párroco continúa a catuar así como “amo”, que se reservaba “para su servicio la mejor vaca de leche que tenga el casero”, ou parte da horta.

1 Polas leis de 1 de maio e 11 de xullo de 1855 declararíanse en venda os bens do clero e “todos los predios rústicos y urbanos, foros y censos pertenecientes al Estado y Corporaciones Civiles de la Nación”.

0269 **1879/09/29**
Cédula da venda a favor de Felipsa Pena Recarei dunha leira en Bemposta.

0270 **1880/05/20-1880/05/28**
Atado que comenza con nomeamento de peritos para a división da herdanza de Carne Filloi. Hai memorial de bens, liquidación e cupos.

0271 **1881/02/03**
Certificación do escribán do xulgado da Estrada don Ignacio Andúxar Paseiro, de que no expediente instruído a solicitude de dona Felisa Pena Recarei para a súa declaración como herdeira dos seus irmáns don Manuel e don Antón, se dictara auto de tránsito polo xuíz.

0272 **1883/02/22**
Certificado de defunción do albanel Xosé Sánchez (de Santa María de Olives) aos 50 anos no Hospital Provincial de Cádiz en 1879 a causa de tise.

0273 **1887/04/16**
Certificación do cura de Santa María de Rubín do enterro en 1887 de André Pereira Fernández.

0274 **1887/12/17**
Copia da escritura de troco de leiras entre dona Felisa Pena e Dores Igrexas.

0275 **1887/06/01**
Copia da escritura de venda de André Torres a dona Felisa Pena.

0276 **1888//02/06**
Certificación do Secretario de Redencións de Santiago con copia da resolución definitiva do expediente instruído para redimir a carga de misas na capela de Pousada e da igrexa que pesaban sobre bens do cóengo don Xoán Antón Valadares, a instancia de dona Felisa Pena.

0277 **1890/12/27**
Copia do contrato de venda polo que Ramón Vales adquiriu de Xosé Abelleira unha herdade labradía no lugar de Bemposta.

0278 **1890/05/05**
Copia da escritura de permuta entre dona Felisa Pena e Manuel Balseiros.

0279 **1892/07/14**
Copia do contrato de venda de Ramón Sarandeses (de Santa María de Rubín) a favor de Manuel Paz dunha herbeira.



Fervenza que lle da nome ao río de Calobre, noutrora motor da vida económica da zona.

0280 1892/05/11
Copia do contrato de venda a María Xoana Orosa por Manuela Agrelo (viúva de André Torres) de labradío en Bemposta.

0281 1895/06/12
Copia do contrato da venda de dona Felisa Pena a Manuel Maceira dunha toxeira no lugar de Bemposta.

0282 1898/06/02
Copia da escritura declaratoria de recoñecemento de foro entre dona Dores Valderrama (casada con avogado don Vincezo Outeiro) e don Antón Vázquez. Este mercara ao Estado como procedentes do igresario de Santa María de Rubín varios bens que debían pagar renda dominial.

0283 S. D.
Baixo a portada de “Documentos varios procedentes de la fincabilidad del Señor Recarey” réunese documentación facendística referente ao pago de renda ao Pazo de Soutolongo. Tamén “Relación que yo don Manuel Recarey [...] presento al Ayuntamiento de Estrada de todas las fincas rústicas que cultivo por mi cuenta como dueño”.

0284 S. D.
Atado co “Inventario de bienes quedados al fallecimiento de D^a Felisa Peña Recarey” presentado polo seu marido e herdeiro don Manuel Torres Agrelo no Rexistro para pago de dereitos á Facenda.

0285 S. D.
Folla contendo novas de parte da lexítima paterna e materna correspondente a don Manuel Torres Agrelo.

- 0286** S. D.
Folla cas partillas do correspondente a don Manuel Torres Agrelo.
- 0287** S. D.
Prorrateo da renda dos lugares de Viladafonso e Pousada.
- 0288** S. D.
Atado con liquidación do foro da Pena.
- 0289** S. D.
Papeis do preito de don Manuel Recarei con don Hipólito e don Xacinto Outeiro.
- 0290** 1799/12/12-1799/12/16
Parte da copia do prorrateo do lugar de Pousada e nomeamento de cabezaleiro a favor de don André Recarei.
- 0291** S. D.
Parte da venda dunha casa de Inés de Ferradáns a favor Simón Rodríguez.
- 0292** S. D.
Folla (elaborada no século XX) con anotacións familiares, á que debe estar vencellada a anterior signatura: indican, por exemplo, que en 1712 “compró Simón Rodríguez a Inés de Ferradáns la casa en que vivimos”. “1753 Ignacio Pena arrienda a don Antonio de Vila cura párroco de Rubín y San Verísimo de Lamas como dueño de los molinos (dos ruedas) del Puente del Barro [...] un día y una noche”. Ou “en 1560 aforó Pedro Centrona Cura de Santa María de Rubín a Domingo de Losada los casares de Rubín pertenecientes a la iglesia de Rubín”.
- 0293** 1899/05/27-1900/05/10
Certificacións de cobros por don Manuel Pereira de soldos do seu irmán don André, con visado do Consulado Xeral de España e do Ministerio de Estado.
- 0294** 1900/09/30
Copia da venda efectuada por Xosé Fontes (de Callobre) a don Manuel Torres Agrelo da monte de Pousafoles.
- 0295** 1902/01/21
Derradeiras vontades de Manuela Álvarez Pena, viúva de Rosendo Pena Xermade, nas que impón ao mellorado as condicións de coidala e asistila ate a morte.
- 0296** 1903/03/03
Dona Xosefa e don Francisco Torres Agrelo (como apoderado do seu irmán don Manuel, residente en Nova York) adquiren unha finca.

- 0297** **1904/11/25**
Venda dunha finca a don Manuel Torres Agrelo por don Xosé Porto Brea.
- 0298** **1905/05/31**
Certificación da partida do casamento de don Manuel Torres Agrelo con dona Felisa Pena Recarei en Santiago o 10 de outubro de 1904, na capela do Pilar da catedral. A cerimonia estivo oficiada polo cóengo natural da Estrada don Ramiro Ciorraga Souto. Manuel era viúvo –a súa primeira muller falecera en 1903 en Nova York- e fillo de don André Torres González (de Callobre) e de dona Manuela Agrelo Porto (de Rubín). Felisa tamén era oriúnda de Rubín e viúva, filla de don Diego Pena Xermade e de dona Manuela Recarei Salgado.
- 0299** **1905/10/03**
Copia da escritura de permuta entre Ramona Picáns Pereira e don Manuel Torres Agrelo de leiras no lugar dos Vilas.
- 0300** **1905/10/02**
Copia da escritura de venda de Xosefa Álvarez Pereiras (de San Pedro de Ancorados) a don Manuel Torres Agrelo dunha leira no lugar dos Vilas.
- 0301** **1905/10/03**
Copia da escritura de venda de María Nogueira Vilas a don Manuel Torres Agrelo dunha finca no lugar dos Vilas.
- 0302** **1905/10/03**
Copia da permuta entre don Manuel Louzao Álvarez e don Manuel Torres Agrelo de herdades no lugar dos Vilas.
- 0303** **1905/10/03**
Copia da permuta entre Ramona Picáns Pereiras e don Manuel Torres Agrelo de herdades no lugar dos Vilas.
- 0304** **1905/10/03**
Copia da permuta entre Xosé Fraga Rodríguez e don Manuel Torres Agrelo de herdades no lugar dos Vilas.
- 0305** **1905/08/18**
Copia da permuta entre dona Felisa Pena Recarei e Dores Brei Torres.
- 0306** **1906/09/06**
Copia da permuta entre María Taboada e don Manuel Torres Agrelo.

0307 1906/06/11
Copia da permuta entre dona Felisa Pena e Bieito Álvarez Durán de leiras no lugar de Pousada.

0308 1906/10/11-1907/02/26
Copia notarial de escritura da República Mexicana co poder outorgado por Xosé Pena Álvarez a Xosé Vilar Preto e don Manuel Torres Agrelo “para que sigan por todos sus trámites el juicio de sucesión de sus finados padres”.

0309 1907/01/02-1907/04/06
Atado contendo copia da venda de Manuela Pereira Bascuas (veciña de Callobre) a don Manuel Torres Agrelo da finca de Pousafoles. Acompaña folla de liquidación de dereitos reais, carta de pagamento, etc.

0310 1907/01/02-1907/04/06
Copia da escritura de venda de Xoán Fontes Preto a don Manuel Torres Agrelo dunha finca en Pousafoles (Callobre). Acompaña carta de pagamento de dereitos reais e transmisión de bens.

0311 1907/01/07
Copia da escritura outorgada por María Docid Igrexas (viúva e veciña de Callobre) a favor de don Manuel Torres Agrelo concedéndolle permiso “por amistad y otras valiables consideraciones [...] para que use de todos sus derechos y estribe y construya al margen del río, en su heredad, un estanque y presa”.

0312 1907/09/17-1907/10/06
Atado de 53 páxinas cas partillas de Manuel Orosa Carballeda e Xosefa García Fondevila (de Santa María de Rubín). Comprende inventario de bens e rendas, liquidación... .

0313 1908/12/28
Copia da escritura de venda de Manuel Martínez Porto a don Manuel Torres Agrelo dun anaco de monte.

0314 1908/01/11
Copia da escritura de venda dun anaco de monte por Xosé Martínez Porto a favor de don Manuel Torres Agrelo.



O serradoiro que figura nos documentos, no regato da Ferverza.

- 0315** **1908/03/27**
Copia da escritura de venda de Manuel Barros (veciño de Callobre) a don Manuel Torres Agrelo dun anaco de monte.
- 0316** **1908/01/08**
Copia da escritura de venda de Pedro Rei e a súa muller, veciños de Callobre, a don Manuel Torres Agrelo dun anaco de monte.
- 0317** **1908/08/29**
Copia do cupo correspondente a Xosé Pena Álvarez nas partillas dos bens de seus finados pais, Rosendo Pena Xermade e Manuela Álvarez Pena.
- 0318** **1908**
Copia da escritura de venda realizada por don Manuel Torres Agrelo a Dores Vilaverde Rei, veciña de Callobre e muller de Antón Castromil Botana, dun anaco de monte en Pousafoles.
- 0319** **1908/11/18**
Copia da escritura de permuta entre don Manuel Torres Agrelo e don Anxo Vilar Carreira, procurador.
- 0320** **1908/11/18**
Copia de escritura de permuta entre don Manuel Torres Agrelo e don Anxo Vilar Carreira de bens raíces procedentes das propiedades dos defuntos Manuel Orosa Carballeda e Xosefa García Fondevila, “contra cuya herencia se presentaban créditos”.
- 0321** **1908/10/03-1908/10/19**
Testemuño da venda dunha ducia de fincas por Dores Pena Álvarez e o seu irmán Xosé a favor de don Xosé Rodríguez Vila, quedando os vendedores como usufrutuarios dos bens, pagando as súas cargas e contribucións e retribuindo ademais ao comprador.
- 0322** **1908/12/28**
Copia da escritura de venda de don Manuel Torres Agrelo a Pilar Igrexas (labradora veciña de Callobre) dun anaco de monte.
- 0323** **1908/12/28**
Copia da escritura de permuta entre Manuel Carballeda e don Manuel Torres Agrelo.
- 0324** **1911/11/28**
Certificación da acta de sesión do concello de 20 de outubro de 1910 na que figura un acordo dando conta dunha instancia de Bieita Maceira Torres solici-

tando se determinase a liña entre a “superficie clasificada como vía pública y la faja o resío correspondientes a la Casa de Balseiros”.

0325 **1909/12/11**
Copia da escritura de venda da veciña de Callobre Manuela Pereiras Bascuas a don Manuel Torres Agrelo de parte da finca de Pousafoles.

0326 **1909/12/18-1911/06/10**
Copia da venda de leiras en Bemposta realizada polo veciño de Callobre Xosé Pena Álvarez a Xosé Rodríguez Vila, con cláusula de poder voltarlle o prezo en catro anos e recuperalas. Acompaña recibo do pago.

0327 **1910**
Copia do instrumento de venda dunha finca en Pousafoles a don Manuel Torres Agrelo realizada por Antía Barros.

0328 **1910/02/18**
Copia da escritura de permuta entre don Manuel Torres Agrelo e Manuel Rodríguez Paseiro.

0329 **1910/11/19-1911/02/16**
Copia da escritura de venda de varias leiras por Carme Pena Feros (labradora de Callobre) a favor de don Manuel Torres Agrelo. Acompaña cartas de pagamento.

0330 **1910/04/10**
Copia da escritura de venda de Xesusa Orazo (de Berres) a favor de don Manuel Torres Agrelo de fincas en Pena de Abaixo.

0331 **1910/01/15**
Copia da escritura de permuta entre don Manuel Torres Agrelo e Xosé Sánchez Veiga.

0332 **1910/11/14**
Copia da escritura de permuta entre Dores Maceira Torres e Dores Brei Torres. Conserva o que parece ser un exercicio caligráfico con copliñas populares.

0333 **1910/02/22**
Copia da escritura de venda de dúas fincas por Xosé Fontes (veciño de Callobre) a favor de don Manuel Torres Agrelo.

0334 **1911/12/11**
Copia da escritura de venda realizada por Antón Xiadáns a favor de don Manuel Torres Agrelo de “todo el barro o arcilla y productos del subsuelo que

pueda contener la superficie de cuatro cuartillos en la finca del Portelo do Vieto del lugar del Vede, al sur de ésta, pudiendo el comprador empezar su explotación cuándo y cómo a él convenga”. Semella que o Agrelo pretendía proceder á fabricación de tella e tixolos.

0335 **1911/04/14**
Copia da escritura de permuta entre don Manuel Torres Agrelo e don André Crespo, ambos veciños de Santa María de Rubín.

0336 **1912/10/29-1912/01/31**
Certificación de acta de sesión de 27 de marzo de 1911 na que figura o acordo en base a unha instancia de don Manuel Torres Agrelo “quejándose de que causan gran molestia al mismo y es perjudicial a la salud pública las emanaciones de las aguas pútridas que mezclándose con las lluvias, salen de las cuadras de la casa de Manuel Balseiros”.
Tamén certificado de acta de sesión do concello de 4 de setembro de 1909 dando conta dunha instancia presentada polo mesmo Agrelo (que se retiraba como concelleiro) “solicitando permiso para cubrir con viña un pedazo de camino colindante por ambos lados con terreno de su pertenencia”. Accédese á petición.

0337 **1912**
Único plego conservado de parte da apelación á sentenza de 12 de febreiro de 1912 do Provisor de Santiago no preito do padroado da parroquia de Santa María de Rubín e San Breixome de Lamas seu unido. Entre os presentados figuran don Francisco Ramón Fernández Igrexas por parte de dona Dores Valderrama Outeiro e don Fiz de Valois Rial Quintáns por don Vicenzo Valderrama Outeiro.

0338 **1912/02/20**
Copia do instrumento de venda do veciño de Callobre Xosé Martínez dunha finca en Pousafoles a don Manuel Torres Agrelo.

0339 **1912/02/20**
Copia da escritura de venda dunha finca en Pousafoles a don Manuel Torres Agrelo por don Xosé Pena Pérez.

0340 **1912/11/02**
Copia da modificación do testamento de dona Felisa Pena Recarei, outorgado en 1905, pola que deixa sen efecto nin valor o legado que tiña instituído a favor da súa afillada Felisa Brea Porto.

0341 **1913/02/25**
Copia da escritura de venda dun anaco de monte en Pousafoles polos veciños de Callobre André Vilar Pena e Filomena Rei Matalobos a favor de don Manuel Torres Agrelo.

- 0342** 1911/07/12
Solicitud dirixida ao Rexistrador da Propiedade da Estrada por Aldegunda Vázquez Rodríguez de inscrición a seu nome de oito fincas, adquiridas ao seu irmán don Antón, defunto rector de Santa María de Rubín.
- 0343** 1914/06/11
Copia da escritura de troco entre Marcelino Maceira Torres e Francisco Taboada Mato.
- 0344** 1915/12/24
Copia da escritura de venda dun anaco de braña por dona Rosa Porto a don Manuel Torres Agrelo.
- 0345** 1915/03/04
Copia da escritura de troco entre Marcelino e Dores Maceira Torres de varias propiedades (unha delas “junto a los molinos del Rey”).
- 0346** 1915/06/27
Recibo de ter satisfeito Marcelino Maceira Torres a débeda de Xosefa Torres Agrelo que lle reclamaba o veciño de Curantes Manuel Tato.
- 0347** 1915/03/12
Copia do instrumento de permuta de fincas entre Manuel Rodríguez Paseiro e Marcelino Maceira Torres.
- 0348** 1916/11/29
Copia da escritura de venda de María Docid Igrexas a dona Felisa Pena Recarei (esposa don Manuel Torres Agrelo) de parte da finca do Buxeiro sita nas “cercañas del regato Ferverza, frente a una fábrica-sierra de maderas”. Ademais “pactan expresamente que por cuanto el D. Manuel Torres se propone emplazar en el fundo adquirido un camino que habrá de poner en comunicación la fábrica-sierra con aquel lado del regato Ferverza”, non lle acaecerán trabas algunhas. Acompaña carta de pagamento da tasa de dereitos reais.
- 0349** 1916/02/05
Borrador ou listaxe de fincas.
- 0350** 1916/11/28
Copia da escritura de venda de Dores Fondevila Torres a don Manuel Torres Agrelo de parte do herbal dos Vilas.
- 0351** 1916/03/17
Copia da escritura de troco entre Marcelino e Dores Maceira Torres de fincas nos lugares de Bemposta e Vilas.

- 0352** **1917/11/25-1919/07/05**
 Contrato de préstamo entre o labrador de Callobre Manuel Vilariño Porto e Xesús Bermúdez Fariña.
 Acompaña recibo do pago por don Manuel Torres Agrelo da cantidade e os xuros.
- 0353** **1915/03/03**
 Copia do instrumento de troco entre don Manuel Torres Agrelo e Rosa Paz Louzao de fincas en Pena de Abaixo.
- 0354** **1916/03/21**
 Arranxo da herdanza de Xosefa Torres con compromiso de venda.
- 0355** **1919/06/27-1923/05/25**
 Copia da escritura de ratificación de contrato de venda –e elevación do mesmo ao grado de público- de nove fincas sitas en Callobre entre don Manuel Torres Agrelo (de 57 anos, que actúa como vendedor en nome de don Xosé Pena Álvarez, residente en México) e don Marcelino Maceira Torres, ambos de Santa María de Rubín.
 Acompaña dilixencias ao remate do pagamento de dereitos reais.
- 0356** **1919/12/08**
 Copia do instrumento de troco entre don Manuel López Pereiras (veciño de San Pedro de Ancorados) e don Manuel Torres Agrelo.
- 0357** **1919/06/07**
 Copia do contrato de retroventa a favor de don Manuel Torres Agrelo de bens adquiridos de don Xosé Pena Álvarez (residente en Mérida, México).
- 0358** **1919/03/17**
 Copia da escritura de permuta entre Dores Pena Álvarez e don Marcelino Fares Torres.
- 0359** **1922/04/04**
 Copia da escritura de troco entre don Manuel Torres Agrelo e Ramón Vilariño Porto.
- 0360** **1922/05/24-1922/06/08**
 Copia de escritura de venda e redención do foro do lugar da Pena outorgada por dona Dores Valderrama Outeiro (casada co avogado don Vincenzo Outeiro Garrido con veciñanza na Pobra do Caramiñal) a favor de don Manuel Torres Agrelo e outros.
 A muller era dona do dereito a percibir “cuarenta ferrados de centeno o seis hectolitros y cuarenta y seis litros y cuatro gallinas” polo foro do devandito

lugar, que debía pagarse anualmente á Casa de Esmoriz. Os pagadores eran 36 familias, entre as que se atopaban os Recarei.

As cuotas dos que non quixeron redimir, fóronlle tamén vendidas a don Manuel Torres Agrelo.

0361 **1922/05/20**
Recibo de Marcelino Maceira Torres de terlle pagado á súa irmán Manuela metade dunha casa.

0362 **1922/04/04**
Copia da escritura de troco entre don Manuel Torres Agrelo e Manuel López Pereiras.

0363 **1923/10/27**
Copia da escritura de cesión de terreos para facer un camiño e un pozo por parte de dona Felisa Pena Recarei a varios veciños de Curantes.

0364 **1933/05/07**
Copia da escritura de permuta entre Xosé Valdés e Manuela Torres.

0365 **1922/05/18**
Plego co cupo de bens correspondente a Marcelino Maceira Torres por herdanza da súa nai e do seu irmán.

0366 **1923**
Libreta co recoñecemento de varias fincas procedentes de dona Felisa Pena Recarei, sitas no lugar de Pousada, con notas cas lindes, nome e número de pés de carballos que nelas medran.

0367 **1923/11/17**
Copia de escritura de redención de renda por André Agrelo Paseiro, que lla vende a dona Felisa Pena Recarei.

0368 **1923/08/13**
Copia de escritura de permuta entre don Xosé Suárez Recarei e dona Felisa Pena Recarei en representación do seu marido.

0369 **1923/10/08**
Copia de escritura de permuta de bens en Pousada entre dona Felisa Pena Recarei e don Manuel Torres Agrelo dunha parte, con Manuel Caramés Pena da outra.

- 0370** **1923/11/17**
Copia de escritura de redución de renda outorgada entre dona Felisa Pena Recarei e o seu marido, con Xoana Agrelo Paseiro e outros.
- 0371** **1924/04/10-1924/04/14**
Follas ca presentación de rendas no Rexistro de Propiedade da Estrada.
- 0372** **1924/05/02-1924/05/06**
Folla ca presentación de rendas no Rexistro da Propiedade de Santiago.
- 0373** **1925/03/22**
Copia da escritura de troco entre Avelina Maceira Torres e don Manuel Torres Agrelo.
- 0374** **1926/10/24-1926/11/27**
Copia da escritura de troco entre don Manuel Torres Agrelo e don Xosé Suárez Recarei. Acompaña dilixencias do pagamento dos dereitos da permuta.
- 0375** **1926/08/18**
Nota das “fincas que se arrimaron al cupo de los señores herederos de D^a Manuela Recarey”.
- 0376** **1926/11/10**
Copia da escritura de venda a favor de don Manuel Torres Agrelo dos bens de don André Pereira Fernández, segundo defunto marido de dona Felisa Pena Recarei.
- 0377** **1926/05/10-1926/06/25**
Copia da escritura de venda outorgada por Xoán Elías Outeiro Botana a favor de don Marcelino Pereira Torres dunha finca sita en Rubín e adquirida en subhasta procedente dos bens executados a María Xoana Paz Fondevila.
- 0378** **1928/02/07**
Copia da escritura de venda de Filomena García González a favor de don Manuel Torres Agrelo.
- 0379** **1928/02/07**
Copia da escritura de venda de Xiao e Xoana Pereira (labradores de Santa María de Olives) e outros a favor de don Manuel Torres Agrelo dos dereitos sobre a herdanza de André Pereira Fernández.
- 0380** **1928/07/25-1928/08/20**
Copia da escritura de venda de Manuela Tarís Brei a don Marcelino Maceira Torres de herdades en Pena de Abaixo.

- 0381** **1928/05/07**
Copia da escritura de venda a favor de don Manuel Torres Agrelo, outorgada por don Xosé Rodríguez Vilas, dos dereitos á herdanza de don André Pereira.
- 0382** **1928/02/07**
Copia da escritura de venda efectuada por Divina Pereira Bernárdez a favor de don Manuel Torres Agrelo da herdanza do seu pai, Francisco Pereira Bernárdez.
- 0383** **1929/01/03**
Copia da escritura de permuta entre don Manuel Torres Agrelo e don Marcelino Maceira Torres dunha banda, e o apoderado do cura de Santo André de Trobe, da outra.
- 0384** **1929/06/20**
Copia do contrato entre Esperanza Nogueira Vinseiro (en representación do seu home, ausente en Cuba) e don Manuel Torres Agrelo, para que este poida facer transcurrir unha presa de auga pola súa propiedade.
- 0385** **1930/07/13**
Copia da escritura de permuta entre don Manuel Torres Agrelo e Xosé Rodríguez Paz.
- 0386** **1932/04/16**
Copia da escritura de permuta de fincas realizada entre don Manuel Torres Agrelo e Felisa Maceira Torres.
- 0387** **1933/10/28-1933/10/31**
Copia da escritura de venda de Ramón Vilariño e Manuel Calvo a favor de Marcelino Maceira Torres. Acompaña dilixencias de pagamento de dereitos.
- 0388** **1940/11/14**
Copia das derradeiras vontades de dona María Ponte Bascuas (veciña de Callobre).
- 0389** **1935/06/22-1935/12/20**
Requerimento de don Marcelino Maceira Torres para que o notario levantase acta “sobre lo que observase en relación a su caseta de madera en esta villa, y a la calle en construcción que pasa por el frente Norte de ellas [...] y que va al bosque Este de la Estrada”. A rúa nova era a actual avenida de Fernando Conde, á que daba a caseta de Marcelino, e que amenazaba con derrubarse polas obras. Acompaña croquis do emprazamento da caseta e da rúa Fernando Conde.

- 0390** **1938/01/28**
Plego contendo certificación do acordo da comisión permanente do concello da Estrada do 3 de xaneiro de 1938, a petición de don Marcelino Maceira Torres e contra a construción indebida dunha rampa pola súa irmán, “amparada según dice de un acuerdo municipal”.
- 0391** **S. D.**
Plego co inventario de 25 fincas presentado á Facenda, co seu valor.
- 0392** **1940/08/23**
Copia da escritura de venda de dúas fincas outorgada por Consolo Pernas Souto a favor de don Marcelino Maceira Torres.
- 0393** **1941/03/13**
Redención de foro da Pena e padroado de Rubín a favor, entre outros, de don Marcelino Maceira Torres.
- 0394** **1943/11/03**
Póliza mercada por don Marcelino Maceira Torres de 15000 pesetas en 30 accións preferentes da Compañía Telefónica Nacional de España.
- 0395** **1950/12/16**
Copia da escritura de permuta entre dona Manuela Torres Emmons (esposa de don Marcelino Maceira Torres e filla de don Manuel Torres Agrelo) e don Cándido Taboada Brea.
- 0396** **1951/10/02**
Copia da escritura de permuta entre don Marcelino Maceira Torres e dona Manuela Torres Emmons dunha banda, e dona Manuela Torís Brei.
- 0397** **1951/12/30**
Copia de escrito polo que se ceden os dereitos da finca “Pinar dos Agrelos” a Melchor Brandeses a cambio dos dereitos deste á herdanza da súa avoa, María Martínez Taboada.
- 0398** **1952/05/10**
Documento que pretende acreditar a pertenza a don Marcelino Maceira Torres dun retal de terra onde foi edificada a casa escola de Rubín.
- 0399** **1956/12/06**
Copia da escritura de permuta entre dona María Rei Maceira e dona Manuela Torres Emmons.

Conclusións

Por se o catálogo tivera resultado demasiado árido para ler –algo habitual nestas materias– velái algunhas valoracións sucintas sobre o contido deste arquivo eminentemente familiar:

Tocante ás características físicas, suliñar ante todo o predominio da documentación administrativa referida aos bens e rendas familiares, en forma de copias notariais da mesma na maioría dos casos. E tamén a documentación de índole xenealóxica e xudicial. O soporte único é o papel e a lingua o castelán, mais entreverado de xiros que denotan a presenza da nosa lingua nas relacións cotiás menos formais.

Deixando a un lado o valor (obvio e que calquera pode apreciar) desta colección para coñecer máis polo miúdo a microtoponimia estradense, gran parte da documentación mergúllanos noutros aspectos da nosa Historia: desde a orixe da capela de Nosa Señora da Paz do lugar de Pousada (San Miguel de Curantes) saltamos ao pazo de Cascaxir en Escuadro, á Casa da Mota de Riobó ou á de Santa María de Soutolongo, pasando pola Casa de Outeiro de Lalín, a de Vilar do Xestal en Santa María de Noceda, a do Sebe en San Miguel de Lebosende ou a de Xerliz en San Xiao de Guimarei². E a lugares hoxe reconvertidos en puntos de lecer, como a carballeira dos Pereiriños (da que aparecen datos xa desde mediados do século XVIII) ou a chamada Casa da Nugalla de Recarei, reconvertida a modalidades de explotación ben diferentes das que lle deron orixe.

Os mecanismos e argucias que favoreceron o acaparamento de rendas e terras por determinadas familias –e que chegaron practicamente sen mudanzas aos nosos días– saen a relucir con claridade na documentación, na que se pode apreciar como, de forma silandeira aínda que inexorable os grupos sociais dominantes argallaron o xeito de perpetuar o seu poderío económico baseado na propiedade e/ou no dominio da terra: ora fose mediante tenencias³ e foros obtidos de grandes institucións eclesiásticas (cabido catedralicio, Priorato de Sar, cofradía da Concepción de Santiago..) que logo subforaban obtendo pingües rendas, ben co recurso a compras forzadas aos máis

2 Signaturas 0209 e 0248, por exemplo.

3 Signatura 0218.

necesitados, ora recorrendo á formación de vínculos e morgados de carácter relixioso⁴ que impedían o alleamento dos bens e os alonxaban de contribucións e trabucos..., o rastro que une aos Ortiz do século XVI cos Recarei e os Agrelo no XIX e XX rastréxase sen dificultade. Mesmo, ás veces, despiden un noxento cheiro.

Revélase, porén, non só como fonte inexcusable para a xenealoxía e economía de varias senlleiras familias (Valadares, Cortes, Recarei, Ortiz, Bermúdez de Castro, Paseiro, Salgado, Senra, Agrelo..), senón como referente para seguir a xeografía e a historia civil e eclesiásticas da Estrada e aledaños. Mesmo para seguir a evolución da propiedade agraria e os seus cambios de uso ao longo dos anos: desde o aproveitamento ancestral das carballeiras ate a realización de novas roturacións, praderíos e mesmo apropiamento de montes comúns e de augas de ríos para o movemento de enxeños hidráulicos⁵ en beneficio sempre dos mesmos.

Tamén prácticas do eido etnográfico da zona aparecen reflectidas nalgunhas signatures deste incipiente fondo, xunto a interesantes materiais para o estudo da historia das mentalidades: os matrimonios a troco, as dotes consideradas coma unha obriga, as escrituras de esponsais⁶, os testamentos e disposicións piadosas ou os onerosos funerais do Antigo Réxime, que supoñían ás veces a ruína familiar⁷.

Ou institucións do dereito propio de Galicia, como a chamada Compañía Familiar galega, que desenvolvía noutroira os papeis asistenciais supostamente asumidos a día de hoxe por institucións públicas (aínda que poida que con criterios ben diferentes): velaí temos a renuncia de don André Recarei no seu primoxénito da administración dos seus morgados, ca contraprestación de que o vástago debería “*asistir, vestir y calzar*” ao seu pai, “*asistirlo y darle tabaco de hoja de que usa [...], pagar médico, cirujano, medicinas, viviendo los dos y más hijos y*

4 Vid. por exemplo a signatura 0122, na que se institúe o vínculo dos Valadares, establecendo que os bens e o patrimonio do mesmo tiña que quedar “avinculado, unido e incorporado al Patrono que fuere de la Capilla de Nuestra Señora de la Paz [...]. Y el que les poseyere y fuere Patrono de dicha Capilla se ha de intitular al apellido que tiene el otorgante de los Valladares, cuya perpetuidad de dicha Capilla, Casas y Apellido ha de subsistir en todos tiempos”.

5 Interesante ao respecto é a signatura 0223.

6 Signatura 0168, por exemplo.

7 Signatura 0188.

hermanos respectivos en una misma Casa y Compañía, a una mesa y manteles, tratándole y venerándole como padre y al fin de su vida enterrarle y funerarle [...], todo lo que se verificará según la decencia de su estado [...] de suerte que el Andrés no experimentará necesidad de cosa alguna para su alimento, aliño y decencia [...]: durante la vida de don Andrés, el don Benito su hijo le satisfará un real diario [...] para recreaciones honestas”⁸.

Do mesmo xeito partillas, foros, paneiras como a do Foxo ou reparatos de horas de muiñada teñen cabida nestes vellos papeis trufados de curiosidades que poñen cores actuais á vida dos nosos devanceiros.

Voltando, para rematar, ao campo da Arquivística, e tocante ao estado xeral de conservación dos documentos, cómpre suliñar o feito de que estiveron expostos á humidade e a unhas condicións de conservación deficientes durante moitos anos. Así, foi preciso efectuar unha instalación axeitada dos orixinais e proceder ao dixitalizado da colección, en aras de facer máis doada a súa consulta polos investigadores.

Bibliografía

- GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga. Manual de archivos familiares. Madrid: ANA-BAD, 1993.
- ISAD (G) Norma Internacional General de Descripción Archivística. Madrid, 2002.
- MARTÍNEZ ALCUBILLA, Marcelo. Diccionario de la Administración Española: Compilación de la Novísima Legislación de España Peninsular y Ultramarina en todos los ramos de la Administración Pública: Comprende la definición de todas las voces de la legislación administrativa; un extenso y razonado repertorio de las disposiciones del Derecho Civil; el texto de los Códigos, Leyes, Reales Decretos, Reglamentos e Instrucciones vigentes sobre cada materia hasta 1891; los puntos resueltos por la Jurisprudencia del Consejo de Estado [...], y un esmerado índice cronológico general de toda la obra. Madrid: Administración, 1892 (5ª edición).

8 Signatura 0201. Tamén, de similar temática, a 0295 e a 0388.